


Pече

Exercicio 2025

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2026
Consellería de Facenda e Administración Pública

Resultado do exercicio 2025




Galicia cumpre
coas regras fiscais



Galicia rexistrou un **resultado equilibrado**, cun saldo fiscal positivo do 0,18% do PIB ao peche do **orçamento de 2025**

... mellorando as previsións iniciais, nas que se contemplaba un obxectivo de déficit cero




 Galicia encadea **dous anos sen déficit**

 **200 M€** menos que no exercicio 2020

 Dende a pandemia **mellora cada obxectivo anual** de estabilidade orzamentaria

Galicia cumple un ano máis coas regras fiscais


Superávit (+) / Déficit (-) 2025. Porcentaxe sobre o PIB



 Galicia forma parte do grupo de CC.AA. que pecharon o ano 2025 cun resultado equilibrado

 **Blindando os servizos públicos,** cun aumento dos gastos non financeiros do 5,5%, e unha diminución nos xuros de 54 M€ (-15,5%), que permitiron dedicar máis recursos ás políticas públicas

Galicia continúa un ano mais cumprindo co obxectivo de déficit




- Cun comportamento, un ano máis, **mellor que a media das CC.AA.**
- Sen déficit, e **mellorando o diferencial** respecto da media das CC.AA.



Con máis crecemento...

Galicia mantén a súa senda de recuperación tras a pandemia, presentando un **mellor crecemento económico acumulado**. No ano **2025 voltamos a superar ás previsións** orzamentarias crecendo un **2,6%**

Produto interior bruto. Evolución pospandemia



Converxencia coa UE 27


Variación PIB pc 2019 – 2024 (UE=100)



- Desde o ano 2019 **a riqueza de Galicia medrou 2,2 puntos máis que a de España**, e mantendo o diferencial de evolución en todo o período
- Galicia avanzou en converxencia** en termos de PIB per cápita de Galicia coa UE 27, 5 veces máis que España

... e con máis emprego

Paro rexistrado e Afiliacións á Seguridade Social.



Enquisa de poboación activa. 2019 - 2025

- 36.000** persoas activas máis
- 75.300** persoas ocupadas máis **+7%**
- 39.300** persoas paradas menos **-26,9%**
(7,2 puntos mellor que España[19,7%])

Taxa de paro:
do 11,8% ao 8,3%, a
máis baixa dende 2008

- Alcanzando no ano 2025 o **récord de afiliacións á Seguridade Social**, máis 1.113.000 en xullo, e rematando decembro coa maior afiliación da serie histórica, 1.097.288 persoas afiliadas
- E **reducindo o paro rexistrado** ás menores cifras dende 2005, dende 2019 diminuíu en máis de 53.000 persoas

Alta execución do orzamento consolidado

Execución 2025 dos gastos orzamentarios


Millóns €

	2025	2024		
Gastos correntes (1+2+3+4)	11.605	11.051	⇒	+5,0%
Gastos de capital (6+7)	1.982	1.882	⇒	+5,3%
TOTAL gastos non financeiros	13.587	12.932	⇒	+5,1% +655 M€

97,4% de execución global
100% dos fondos propios

- Os **gastos de persoal** aumentan nun 5,6%, como consecuencia dos acordos retributivos aprobados para o ano e os aumentos dos efectivos no SERGAS (+33M€). O que supón unha **execución do 107,8%**
- O **gasto de funcionamento** dos servizos medra un 3,8% ata acadar unha **execución do 113%**
- As **transferencias correntes** crecen un 4,6%, impulsadas polas axudas de Dependencia
- Os **gastos de capital acadan os 1.982 M€**, cun aumento do 5,3% respecto do anterior exercicio

Evolución do gasto orzamentario




 O **aumento do gasto corrente** reflicte o reforzo na prestación dos servizos públicos autonómicos

 Compatible cun **crecemento dos investimentos** por encima da media dos gastos

+5,3%

Galicia é como unha das comunidades con maior esforzo investidor



En 2025 **Galicia** realiza o **segundo maior esforzo investidor** de todas as CCAA, acadando o 14,5%

Este esforzo permite dedicar :

▲ **107 M€** en **hospitais**

▲ **24 M€** en **centros de saúde**

▲ **60 M€** en **centros de ensino**

▲ **132 M€** en construción e fomento de rehabilitación de **vivendas**

▲ **40 M€** en **mobilidade sostible** (en estacións intermodais 23 M€)

▲ **59 M€** para a **dinamización económica do medio rural**

▲

Mecanismo de Recuperación e Resiliencia

Execución acumulada ata 2025

PUBLICADO (convocatorias e licitacións)	ADXUDICADO	EXECUTADO
1.527 M€	1.449 M€	1.119 M€
O 93,2% dos ingresos netos	O 88,4% dos ingresos netos	O 77,2 % do adxudicado

- Galicia é a CC.AA. coa **5ª maior taxa de resolución (79%)**, superando en case 11 puntos a media das CC.AA. (68%) e a da Administración Xeral (74%)
- No ano 2025 **executáronse** máis de **337 M€** en proxectos financiados co MRR, e **adxudicáronse 527 M€**

Liquidación do orzamento de ingresos

Millóns €

	2025	2024
Ingresos tributarios (1+2+3)	8.372	7.895
Ingresos transferencias (4+7)	5.429	5.553
Resto ingresos non financeiros (5+6)	47	57
TOTAL ingresos non financeiros	13.848	13.504




+344 M€ +2,5%

Mantendo as políticas de **alivio fiscal ás familias** e aumentando a recadación

-  O maior dinamismo económico e o emprego **aumentan os ingresos tributarios nun 6%**, o que permite manter a política de alivios fiscais, que á súa vez estimula a demanda interna e o crecemento
-  Os ingresos procedentes de **transferencias baixan 123 M€**, un 2,2%, por:
 -  As transferencias do Estado de natureza finalista mantivéronse no mesmo nivel que no 2024 e diminución nas transferencias correspondentes ao sistema de financiamento
 -  Menores dereitos de fondos europeos FSE, FEDER e FEMP, polo efecto fin de marco dos fondos 2014-2020, a pesar da mellora na execución do MRR en 65 M€

Débeda pública. Peche de 2025 cunha redución ata o 13,9%



- En 2025 Galicia segue amosando o seu compromiso coa sustentabilidade das finanzas públicas, asumindo o control da débeda, e continuando como a **4ª comunidade con menor endebedamento** das CCAA de réxime común, cando en 2008 éramos a 4ª con maior endebedamento
- A débeda por galego é hoxe **2.514 euros menos** que a dos habitantes da media das comunidades autónomas


Evolución do endebedamento postpandemia

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	19-25	
Galicia	17,5	19,6	18,2	16,7	15,7	14,6	13,9	-3,6	↓
CCAA	23,5	26,9	25,3	23,0	21,7	21,1	20,2	-3,3	
Administración Central + Seguridade Social	91,9	114,6	111,6	106,6	103,7	101,3	100,7	8,8	↑

En 5 anos a Xunta reduciu un 29% a ratio de Débeda/PIB

-  A pesar dos gastos excepcionais da pandemia, **Galicia reduciu o nivel de endebedamento ata o 13,9%, 3,6 puntos inferior ao de 2019**
-  Situándose en valores de 2012, froito dunha **política financeira responsable e contracíclica**

E todo isto pagando con axilidade aos provedores



- 742.875 facturas pagadas en 2025
- 4.672 M€** pagados aos 15.459 provedores

- O período medio de pagamento da Xunta no 2025 **baixa ata os 15,6 días**, diminuindo 1,7 días o prazo de pagos
- Por tanto **pagamos 10,5 días antes que a media das CCAA**, e voltamos a ser a comunidade con menor PMP despois de 4 anos sendo a segunda que o fixemos con maior axilidade

Galicia Calidade, tamén nas finanzas ...

- **Cumpre cos obxectivos de estabilidade e déficit**, pechando sen déficit por segundo exercicio consecutivo
- **Executando o 97,4% dos gastos non financeiros**, reforzando os **servizos públicos**, con **225 M€ máis en sanidade**, con **133 M€ máis en Educación**, e con **127 M€ máis en Dependencia e políticas sociais**
- **Executando totalmente os fondos propios** da Comunidade Autónoma
- Seguimos no grupo de cabeza da **capacidade investidora** sen ter que recorrer ao endebedamento, grazas ao aforro bruto que acada os 1.360 M€
- **Executando os ingresos non financeiros no 98,8%** do orzamento, nos que destacan **os ingresos tributarios**, que **medran un 6%** acadando unha recadación de 8.372 M€
- Unha **xestión responsable** que permite reforzar a **solvencia**, reducindo nos últimos 5 anos un **29% a ratio débeda/PIB** e situándonos **á cabeza** nos prazos de pago a provedores
- Unha política responsable que crea un entorno de estabilidade e solidez que promove **máis crecemento** e **máis emprego**, acadando **récords** de **afiliacións**, de **emprego** e con **menos persoas paradas**